

Vilanova de Arousa en cifras



Vilanova en cifras


Vilanova de Arousa é un concello costeiro da Ría de Arousa:

Provincia: Pontevedra

Comarca: O Salnés

Superficie: 35,8 km²

Nº parroquias: 6



Poboación

Poboación de Galicia (2015): 2.732.347

Poboación en 2015: 10.422 (0,38% respecto da poboación total de Galicia)

- N° homes: 5.105
- N° mulleres: 5.317

A poboación de Vilanova repártese en 6 parroquias, deste xeito:

Parroquia	Nº habitantes (2007)	Porcentaxe respecto dos habitantes do Concello
András (San Lorenzo)	490	4,70%
Baión (San Juan)	1 511	14,50%
Caleiro (Santa María)	3.072	29,48%
Deiro (San Miguel)	1.821	17,47%
Tremoedo (San Esteban)	981	9,41%
Vilanova de Arousa (San Cibrán)	2.546	24,43%


Saldo Vexetativo

- É a diferenza entre o nº de nacementos e o nº de defuncións dunha rexión.
- En Vilanova no ano 2014, o saldo vexetativo saíu negativo:

$$\text{SALDO VEXETATIVO} = \text{Nac} - \text{Def} = 65 - 125 = - 60$$


Nº nacementos segundo a idade da nai

Vilanova de Arousa (2014)



Nº de defuncións segundo o sexo

Vilanova de Arousa (2014)



Densidade de poboación

É o promedio de habitantes dunha rexión, respecto de unha unidade de superficie dada do territorio no que se atopa esa rexión. No noso caso, será o promedio de habitantes por quilómetro cadrado.

REXIÓN	Nº HABITANTES	DENSIDADE DE POBOACIÓN (2015)
Galicia	2.732.347	92,4 habitantes/km ²
Pontevedra (provincia)	947.374	211 habitantes/km ²
Vilanova de Arousa	10.422	305,9 habitantes/km ²

Idade Media

A idade media da poboación calcúlase facendo a media aritmética das idades das persoas que compoñen a poboación.

REXIÓN	IDADE MEDIA DA POBOACIÓN (2015)
Galicia	45,9 anos
Pontevedra (provincia)	44 anos
Vilanova de Arousa	44,4 anos

Índice de envellecemento

O índice de envellecemento é o cociente da poboación maior de 64 anos entre a poboación menor de 20.

Este resultado multiplícase por 100 para obter o resultado en porcentaxe.


NOTA: Un índice de envellecemento superior a 100 indica que existen máis persoas maiores de 64 anos que mozos menores de 20. Canto maior sexa o índice de envellecemento dun municipio máis envellecida está a súa poboación

REXIÓN	ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO
Galicia	149,3 %
Pontevedra	117 %
Vilanova de Arousa	126,8 %

Pirámide de poboación

Trátase dun gráfico (histograma) que representa a estrutura da poboación, por xénero e idades. En Vilanova a natalidade descende (bases curtas) e a poboación envellece (barras superiores máis longas, sobretudo nas mulleres)

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade
[Filtros: Espazo=Vilanova de Arousa ; Tempo=2011 ;]



Taxa de paro

A taxa de paro é o cociente entre a poboación parada e a poboación activa, multiplicado por cen.

Olo: divídese entre a poboación *activa*, non entre a poboación total de 16 ou máis anos.

Polo tanto a taxa de paro indica o número de parados que hai por cada cen persoas que están en condicións de traballar (traballando ou paradas).


REXIÓN	TAXA DE PARO (Datos 4º trimestre 2015)
Galicia	17,7%
Pontevedra (provincia)	20,5%
Vilanova de Arousa	23,58%

Actividade Empresarial

En Vilanova a maior parte das empresas pertencen ao sector “Servizos” pois constitúen máis das tres cuartas partes do total:

Nº de empresas por Sectores de Actividade

Vilanova de Arousa



FIN

Estes foron algúns dos datos numéricos que describen o noso Concello, esperamos vos axuden a coñecer mellor a nosa vila.



A principal fonte empregada para realizar esta investigación foi a web interactiva do IGE (Instituto Galego de Estatística): <http://www.ige.eu/>